

O ciclo da auga, unha aventura para valentes



Consorcio de Augas
do Louro



Imaxina un lugar máxico, un reino alegre e asollado cuxo ben máis prezado era a auga, por iso era chamado, o **País da Auga**.

Os seus habitantes apreciaban o seu tesouro e contaban cun exército de valentes **Gardiáns da Auga**, que velaban polo seu coidado.

Pero algúns perigos axexaban, como a escaseza de choiva e a seca, ou o **Cabaleiro Negro** e a **Bruxa do Lodo** e os seus secuaces, un exército de seres contaminantes que ensuciaban a auga e malgastábana. Por iso, era necesario tratala, coidala e vixiala nun proceso máxico coñecido como o **CICLO INTEGRAL DA AUGA**, unha aventura para valentes.



Cando os nenos do reino cumprían 12 anos eran convocados polo **Mago Achedoso** para descubrir os segredos do **CICLO INTEGRAL DA AUGA**.
Despois, debían superar a proba da verdade acuática para ser nomeados **Paladíns da Auga**.

Aquela mañá a cidade despedía ao **Mago Achedoso** e aos valentes aspirantes.

“ — Debedes saber que a auga é un ben escaso e fundamental nas nosas vidas. Por iso, debemos recollela, coidala e aproveitala sempre de maneira eficaz. Esta é a clave do **CICLO INTEGRAL DA AUGA** e xuntos imos descubrir os seus segredos. ”

E tras estas misteriosas palabras, os aspirantes tomaron o vehículo transportado do **Mago Achedoso** iniciando así, a súa aventura para valentes.







Os aspirantes entraron nun contorno natural máxico, cheo de ríos, encoros, mananciais e océanos. Alí foron recibidos polos **Gardiáns** expertos en **Captación** e descubriron como a auga de orixe natural, se dirixía cara a encoros e presas, iniciando así o proceso do **CICLO INTEGRAL DA AUGA**.



De camiño á súa seguinte etapa, observaron dende o aire ao **Cabaleiro Negro** e os seus secuaces facendo das súas.

“ — Como vedes, a auga recollida non está lista para ser consumida, — explicou o Mago Achedoso — o Cabaleiro Negro, a Bruxa do Lodo e outros aentes nocivos poden ter deixado restos e sucidade nela. Por iso, a auga é conducida ao Reino de ETAP, onde é rixada e supervisada polos Gardiáns da Auga. No Reino de ETAP, a auga é sometida a unha serie de procesos e analizada no laboratorio para transformarse en auga potable. ”





A continuación, dirixíronse á parte máis alta do País da Auga. Alí descubriron uns enormes depósitos fortemente custodiados polos Gardiáns da Auga.

O **Mago** explicoulles que alí a auga potable era mantida a bo recado, vixiada e gardada ata que era consumida polos habitantes do País da

Auga.

— E logo como chega ás nosas casas? — preguntou curiosa a princesa.


— Oxiña vas descubri-lo peaquena, sigamos a nosa aventura

— dixo o Mago. ”



Na súa seguinte etapa, os valentes aspirantes internáronse no subsolo do País da Auga.

Alí, o **Mago Achedouso** [★] explicou que dende había moitos anos, existía unha complexa rede de tubaxes que seguía crescendo e mantíñase sempre vixiada e en bo estado grazas aos **Gardiáns da Auga**.



“ — Esa complexa rede é a que fai posible que a auga dos depósitos chegue ata as lillas dos fogares, comercios, industrias... de todos os habitantes do País da Auga

— explicou o **Mago Achedouso**.[★]

— Aeuí hai unha fuga! — sinalou un dos aspirantes.

— Atención Gardiáns antifugas, baixen a reparar unha fuga na variante 4L! Ben apuntado aspirante, atorraches moitos litros de auga — dixo o **Mago**.[★] [★] [★]




“ — A auga non é infinita — explicou o **Mago Achedouso**. — Por iso, os Gardiáns expertos en saneamento ocúpanse de que unha vez utilizada, a auga sexa recollida de novo e levada, a través da rede de sumidoiros, ata o Reino de EDAR. No Reino de EDAR atópanse as Estacións Depuradoras de Augas Residuais. Nelas, a auga é procesada, limpada e depurada para ser devolta ao medio natural nas mellores condicións. Entendédelo? E así, volve comezar o Ciclo.


— Claro, a auga volve aos ríos, encoros, océanos... e todo volve empezar — respondeu un aspirante.

— Ja, ja, veo que estiveses atentos, creo que estades preparados para superar a proba da verdade acuítica — comentou o **Mago**. ”



0 CICLO DA AUGA





Ao seu regreso, os valentes presentáronse ante os Reis e o seu comité de sabios para enfrontarse á proba da verdade acuática.

“— Descubristes os misterios do CICLO INTEGRAL DA AUGA, pero hai algo moi importante para que este proceso funcione, sabedes que pode ser? — preguntou o Mago.★

- Nós.
- A nosa axuda.
- Si, coñecelo e axudar para que todo funcione.
- Coidar da auga, non malgastar...
- Ensinar aos pequenos e ás veces aos maiores.

Cun brillo na mirada, o Mago Achedouso★★ anunciou:

“— Maxestades, os pequenos aspirantes superaron a proba. Presentárolles aos novos PALADÍNS da AUGA! Poden estar seguros de que estes valentes saberán coidar do noso maior tesouro.”

E tras estas palabras, os aspirantes foron nomeados Paladíns da Auga e comezaron a súa andaina cunha gran festa celebrada en todo o reino.



Ola
valente



www.consorciodolouro.es